

PARTICIPAR PARA COIDAR

Convite I Encontro

“Un IES de moito coidado”



## QUE É?

*Participar para Coidar* é un proxecto de educación para a transformación social arredor da temática do dereito a un hábitat digno e coidador e o impacto deste en varias dimensións.

Deseñouse en catro fases correspondentes a catro cursos escolares (2019-2022). Desenvolve parte das súas actividades no IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña que actúa, en colaboración con actores vencellados á educación, como "laboratorio" para investigar, experimentar, compartir e aprender como avanzar para facer dos centros de secundaria hábitats que faciliten o coidado das persoas que os habitan, das relacións e do entorno.

## PARA QUE?

O proxecto ten varios resultados e obxectivos previstos ao longo das catro fases. Centrémonos aquí nos que están directamente relacionados co Encontro.

**Obxectivo 1.** Xerar unha proposta de contidos educativos cun enfoque ecosocial e ecofeminista arredor da defensa do dereito a un hábitat digno e coidador

**Obxectivo 2.** Sensibilizar e formar a 100 alumnos e alumnas durante o seu percorrido de 1º a 4º da ESO con esta proposta educativa. Testala, enriquecela e compartila.

**Obxectivo 3.** Impulsar e facilitar un proceso de investigación e acción no IES implicando a representantes da comunidade educativa para identificar accións de mellora e contribuír a facer do centro educativo un hábitat digno e coidador para as persoas, as relacións e o entorno.

**Obxectivo 4.** Promover espazos de intercambio e aprendizaxe conxunto das inquiredanzas, experiencias e dúbidas xeradas neste proceso con outros actores sociais e educativos para indagar colectivamente en como facer "IES de moito coidado",

**Obxectivo 5.** Sistematizar e socializar os resultados do proceso a través de diversos materiais: unidades didácticas "Participar para coidar", guía "Un IES de moito coidado", exposición "Un mundo de moito coidado", vídeos de catro edicións do Seminario HaEH 19-22.

## COMO?

No seguinte cadro desenvólvese a secuencia en fases d as accións relativas a estes obxectivos e onde se enmarca este **I encontro “Un IES de moito coidado”**.

Neste encontro queremos facilitar un espazo de intercambio e indagación grupal con actores clave (docentes de diversos centros de secundaria, familias, representantes de entidades públicas e do terceiro sector de ámbito social e educativo, etc.) para abordar o tema que nos move: facer dos centros de secundaria hábitats coidadores para todas as persoas que os habitan, para as relacións e para a súa contorna. Buscamos responder a preguntas significativas sobre este tema neste momento e contexto postpandemia e de crise ecosocial e abordalas colectivamente.

Agardamos que o proceso en si sexa enriquecedor e os insumos resultantes sumaranse ao proceso de investigación-acción que vimos desenvolvendo e que continuará ata novembro de 2023 ampliando o traballo de campo en centros educativos e e con un II encontro en 2023. Todo este proceso nutrirá a Guía “Un IES e moito coidado” que verá a luz cara final do 2023.

## PARTICIPAR PARA COIDAR

<b>FASES</b>			
Fase 1 _ 19-20 Habitando a propia pel	Fase 2 _ 20-21 Pel con pel	Fase 3 _ 21-22 A pel do mundo	Fase 4 _ 22-23 Mudando peles
<b>Obradoiros Formación Alumnado</b>			
<b>Dimensión persoal:</b> Hábitat e emocións. Coidado da persoa. Brúxulas	<b>Dimensión grupal:</b> Hábitat e relacións. Coidado dos grupos. Planos	<b>Dimensión socioespacial:</b> Hábitat e territorio. Coidado do entorno. Mapas	<b>Dimensión política:</b> Todas as previas interdependentes. Participar para coidar. Cartografías
<b>Investigación</b>			
Formación en IAP do grupo de educación de ASF.  Deseño do marco da investigación.  Investigando sobre a praxis do Grupo Educación ASF	Investigando sobre a traxectoria e acción do Grupo Educación ASF  Sistematización do marco teórico e conceptual do grupo de educación 2011-21	Investigación-acción no IES Zaleta (laboratorio) e outros centros educativos  Espazo de indagación e de intercambio grupal con actores vencellados á educación.  <b>I Encontro (2022)</b> <b>"Un IES de moito coidado"</b>	Investigación-acción no IES Zaleta (laboratorio) e outros centros educativos.  Espazos de indagación e de intercambio grupal con actores vencellados á educación.  II Encontro (2023) "Un IES de moito coidado"
<b>Accións coidoras</b>			
Creación comisión "Hábitat coidor"  Primera fase de detección necesidades	Deseño campaña: "Zalaeta: somos xente de moito coidado"  Proxecto Anpa-ASF "Unha cidade de moito coidado"	Elaboración da exposición "Un mundo de moito coidado"  Diversas accións no centro para o coidado das persoas, do entorno.	Por desenvolver no curso 22-23
<b>Productos e materiais resultantes (pincha nos enlaces para visualizar)</b>			
VI Seminario <a href="#">"Entre paradigmas: espazos e tempos para a vida e a educación"</a>	Unidades didácticas <a href="#">"Participar para coidar" Fases 1 e 2</a> APP <a href="#">Mapeo Colaborativo</a> VII Seminario <a href="#">"Convertir a necesidade en desexo: mobilizar para a transición ecosocial na educación"</a>  Marco conceptual "Educar no Dereito ao Hábitat" Grupo Educación	VIII Seminario " Hábitats educativos: coidados en 3D" (Presencial na UDC e streaming o 30-11-22)  Exposición "Un mundo de moito coidado" (Dispoñible online e física partir do 1-11-22)	Unidades didácticas "Participar para coidar" Fases 3 e 4 (Dispoñibles en dixital en outubro 2023)  Guía "Un IES de moito coidado" (Dispoñible en dixital en outubro 2023)

